



san campio  
ASOCIACIÓN CULTURAL

## **BASES DO XI CONCURSO SERÁN DAS LETRAS 2026**

1. Establécense as seguintes categorías:

**CATEGORÍA A - de 3 a 6 anos: Debuxo**

**CATEGORÍA B - de 7 a 9 anos: Relato**

**CATEGORÍA C - de 10 a 13 anos: Relato**

**CATEGORÍA D - de 14 a 18 anos: Coplas de entroido**

**CATEGORÍA E - + de 18 anos: Coplas de entroido**

2. Cada autor/a só poderá presentar un traballo.

3. O **debuxo** presentado deberá reunir as seguintes condicións:

- Terá como temática "**O entroido da Ulla**".
- Para crear o seu traballo, cada participante tomará como referencia calquera dos entroidos rurais que se celebran na Ulla dentro do Concello de Vedra. Os traballos reunirán as seguintes condicións:
  - O tamaño do debuxo é libre.
  - A técnica utilizada é libre.
  - Ten que ser realizado enteiramente polo participante.

4. O **relato** presentado deberá reunir as seguintes condicións:

- Estará escrito en **lingua galega**.
- Terá como temática "**O entroido da Ulla**".
- Para crear o seu traballo, cada participante tomará como referencia calquera dos entroidos rurais que se celebran na Ulla, incluíndo na súa historia polo 3 das seguintes figuras representativas:

- Xenerais.
- Correos.
- Abandeirado.
- Rei e raíña.
- Coro de bonito.
- Coro de vellos.
- Deberá ser un traballo orixinal e inédito, tanto en formato papel como dixital.
- A súa extensión será **de entre 500 e 1500 palabras**. Poderá estar escrito a man ou a ordenador.

5. As **coplas de entroido** presentadas deberán reunir as seguintes condicións:

- Estarán escritas en **lingua galega**.
- Para crear o seu traballo, cada participante tomará como referencia calquera das aldeas do Concello de Vedra onde se celebra o entroido rural da Ulla.
- As coplas deberán respectar as seguintes características:
  - Conter sátira e/ou denuncia social arredor da aldea escollida.
  - A métrica das coplas respectará a habitual das cantigas tradicionais: 4 versos octosilábicos, rimando só o 2º e o 4º verso.
  - Número total de coplas: entre 8 e 16.
- Deberá ser un traballo orixinal e inédito, tanto en formato papel como dixital.

6. Os traballos poderán entregarse nos seguintes sitios:

- No Departamento de Cultura do Concello de Vedra.
- Nas conserxerías dos centros educativos (CPI Plurilingüe de Vedra, CEIP Ortigueira), ou nas mesmas escolas unitarias.
- No caso do relato e das coplas, na seguinte dirección de correo-e: [acsancampio@gmail.com](mailto:acsancampio@gmail.com).

6. O prazo de recepción dos traballos finalizará o **día 8 de maio de 2026 ás 14h00**.

7. A entrega poderá facerse de calquera das seguintes formas:

- En fomato físico (para calquera categoría):

- Entregaranse sen asinar dentro dun sobre grande indicando a categoría na que participa e no mesmo sobre introducirase outro máis pequeno cos seguintes datos persoais da persoa participante: *Nome, apelidos, data de nacemento, correo electrónico e teléfono de contacto*. No caso dos debuxos que sobre pasen o formato A4 non é necesario que se entreguen dentro do sobre grande, pero si virá acompañado do sobre pequeno cos datos.
- En formato dixital (para as categorías B, C, D, E):
  - Enviarase un correo electrónico á dirección arriba indicada. No corpo do correo indicárase a categoría na que participa. Adxuntaranse 2 documentos:
    - Un documento co traballo que se entrega para participar no concurso.
    - Outro documento cos seguintes datos persoais: *Nome, apelidos, data de nacemento, correo electrónico e teléfono de contacto*.

8. Os premios que se outorgarán serán os seguintes:

● **CATEGORÍA A - de 3 a 6 anos: DEBUXO**

1° PREMIO: Lote de libros + vale 20€

2° PREMIO: Lote de libros+ vale 15€

3° PREMIO: Lote de libros+ vale 10€

● **CATEGORÍA B - de 7 a 9 anos: RELATO CURTO**

1° PREMIO: Lote de libros + vale 25€

2° PREMIO: Lote de libros+ vale 20€

3° PREMIO: Lote de libros+ vale 15€

● **CATEGORÍA C - de 10 a 13 anos: RELATO CURTO**

1° PREMIO: Lote de libros + vale 30€

2° PREMIO: Lote de libros + vale 25€

3° PREMIO: Lote de libros + vale 20€

● **CATEGORÍA D - de 14 a 18 anos: COPLAS DE ENTROIDO**

1° PREMIO: Lote de libros+ vale 40€

2° PREMIO: Lote de libros + vale 30€

3° PREMIO: Lote de libros+ vale 20€

- **CATEGORÍA E - + de 18 anos: COPLAS DE ENTROIDO**

**1º PREMIO:** Lote de libros + vale 50€

**2º PREMIO:** Lote de libros + vale 40€

**3º PREMIO:** Lote de libros + vale 30€

- Todos/as os/as participantes das categorías A e B levarán un agasallo pola súa participación.

9. O xurado estará formado por persoas relacionadas co ámbito educativo e cultural do noso concello sendo o seu fallo inapelable. Ningún dos membros do xurado poderá participar neste concurso.

10. O fallo do xurado farase público o venres 15 de maio a través das redes sociais da asociación e do concello.

11. A entrega dos premios realizarase o **venres 15 de maio** durante a celebración do **SERÁN DAS LETRAS**, convocando por categorías ás persoas gañadoras.

12. Calquera dos premios poderá quedar deserto.

13. A participación neste concurso implica a aceptación e o cumprimento de todas e cada unha das súas bases.